

Mesa da Carne de Galicia

A Mesa da Carne de Galicia nace co obxectivo de establecer un marco estable de diálogo con representación de todos os axentes do sector.

O carácter que se lle quere conferir a este órgano dende a Consellería do Medio Rural e do Mar é o da busca de solucións ás demandas de produtores, transformadores e comercializadores.

Nas reunións analízase a realidade que vive o sector no momento, abordando aspectos que abranguen desde a produción cárnica en Galicia ata matadoiros, distribución e industrias.

A estas convocatorias asisten, ademais do conselleiro, o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, o director xerente do Centro Tecnolóxico da Carne, representantes dos sindicatos agrarios, a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), a Asociación Galega da Carne (ASOGACARNE), representantes da distribución, a Asociación de Tratantes de Gando de Galicia (ASTRAGAL), a Asociación Galega de Empresarios do Gando (AGEGA), a I.X.P. Ternera Gallega e representantes carniceiros.